



Isabel Novo Gómez, secretaria do tribunal de selección de traballador/a social persoal laboral temporal a media xornada por circunstancias da produción para a área de servizos sociais do Concello de Vilasantar e creación de bolsa de traballo (BOP nº 83 de dta 03/05/2022)

CERTIFICO, que no día 25/05/2022 reuniuse o tribunal, de dita reunión levantouse a seguinte acta:

ACTA DO PROCESO SELECTIVO SOBRE ALEGACIÓNS PRESENTADAS, DE TRABALLADOR/A SOCIAL PERSOAL LABORAL TEMPORAL A MEDIA XORNADA, POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN PARA A ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE VILASANTAR E CREACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA

Na casa do Concello de Vilasantar sendo as 13:00 horas do día 25 de maio de 2022 reúnen os membros da Comisión de selección do proceso selectivo mencionado, que son:

- Presidenta: María Chao Carballeira, secretaria interventora do Concello de Vilasantar.
- Secretaria: Isabel Novo López, funcionaria do Concello de Vilasantar.
- Vogal: Guadalupe Vázquez Ascariz, traballadora social do Concello de Toques.
- Vogal: M^a Trinidad Veiras Freire, técnico de cultura e información xuvenil do Concello de Vilasantar.
- Vogal: Ana Belén Vázquez Garea, técnica de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

Sendo o punto da orde do día a tratar o que segue:

ORDE DO DIA

1. Resolución de alegacións.

Pola Presidenta pásase a tratar o primeiro é único punto da Orde do día:

1. RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS

En relación as alegacións presentadas no rexistro do Concello por varias participantes no proceso referidas a valoración de méritos alegados das candidatas que superaron na fase de entrevista a puntuación de mínima de 3 e presentaron a valoración de méritos Anexo II debidamente cumprimentada, e segundo o establecido na base 7 puntúase cun máximo de 4 puntos:

“...4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

...5. Titulación: Estar en posesión do título de **diplomado/a en Traballo Social, de graduado/a en Traballo Social ou titulación equivalente** ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación...”

...

“...7. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS.

Para a selección dos/as candidatos/as terase en conta, na fase de concurso, contará un máximo



de 4 puntos e na fase de oposición, mediante entrevista persoal que versará sobre o contido do traballo do traballador/a social que contará con un máximo de 6 puntos e mínimo 3 puntos.

Cada candidato/a deberá entregar o ANEXO II de modelo solicitude no que cumprimentará a VALORACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS (o non cumprimentar a valoración conllevará a exclusión da selección).

Fase concurso

a) Formación específica (máximo 2 puntos).

Os coñecementos acreditaranse mediante a achega de títulos, diplomas e ou certificacións académicas oficiais:

***Licenciatura, Máster e/ou Postgrado relacionado con servizos sociais: 1 punto por cada titulación.**

*Cursos de especialización, en centros oficiais ou homologados, relacionados co sector servizos sociais: 0,20 puntos por cada curso realizado mínimo 30 horas.

b) Experiencia profesional (máximo 2 puntos).

A experiencia profesional na **ocupación de traballadora social, deberá acreditarse a través do contrato de traballo no cal se acredite experiencia profesional** e xuntarse informe da vida laboral ou certificado de empresa dos servizos prestados.

- Por cada mes completo realizando tarefas directamente relacionados co posto ofertado, **traballador/a social** en administración pública, 0,20 puntos por cada mes traballado. (**máximo 1 puntos neste epígrafe**).

- Por cada mes completo, realizando tarefas directamente relacionados co posto ofertado, **traballador/a social** en empresa privada (**máximo 1 punto neste epígrafe**): 0,10 puntos por cada mes traballado..."

A continuación polo Tribunal ACORDOU:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas segundo a documentación presentada e a valoración de méritos realizada xa que non se corresponde con ditas bases.

SEGUNDO.- Publicar este acordo ós efectos oportunos.

O que certifico os efectos oportunos.

Asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe

A secretaria

Isabel Novo Gómez